

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día dezanove de marzo de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

23/178 CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DA ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 4 de febreiro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

ANTECEDENTES

I. Informe económico relativo á explotación do servizo de cafetería do Centro Social de A Milagrosa elaborado polo departamento municipal de planificación e control de concesións.


II. Informe técnico relativo á necesidade de proceder á contratación do servizo de explotación da cafetería do Centro Social de A Milagrosa xunto co prego de prescricións técnicas que rexerá na contratación elaborado pola xefa de servizo de servizos sociais xunto cos correspondentes anexos relativos ó inventario de bens adscritos á cafetería e a lista de prezos das consumicións.

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da explotación da cafetería anexa ó Centro Social de Servizos Sociais de A Milagrosa elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 1/30
 LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Segundo se desprende do artigo 19.1 b) do TRLCSP, pódense considerar contratos administrativos especiais aqueles de obxecto distinto do sinalado no apartado a) do mesmo artigo pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela, sempre que non teñan expresamente atribuído o carácter de contratos privados conforme ó parágrafo segundo do artigo 20.1, ou por declaralo así unha lei.

A Xunta Consultiva de Contratación administrativa vén cualificando este tipo de contratos como contratos administrativos especiais (Informe 67/99 de 6 de xullo de 2000 ou informe 24/05 de 29 de xuño)

Segunda. Segundo se desprende do artigo 19.2 do TRLCSP, os contratos administrativos rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola propia lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, aos contratos administrativos especiais, como é o presente caso, seranlles de aplicación ás súas normas específicas.

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.


O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, de acordo co previsto nos artigos 138 e 157 e seguintes da LCSP.

No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que se valora exclusivamente o canon al alza.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelles as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	2/30
	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==		
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==			

Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de condicións técnicas e o correspondente Anexo cos Tarifas de prezos das consumicións para a primeira anualidade así como o prego de cláusulas administrativas particulares que, elaborados polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

B) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a contratación da explotación da cafetería anexa ó Centro de Servizos Sociais “Milagrosa II” segundo o prego de condicións técnicas elaboradas pola Xefa de Servizo de Servizos Sociais do Concello.

CNAE 2009: 56 servizos de comidas e bebidas.

CPV: 64110-64320 55000000-0 Servizos de hostelería e restaurante


SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato administrativo especial, recollido e regulado no artigo 19 do TRLCSP e que ten por obxecto a concesión da explotación da cafetería anexa ó Centro de Servizos Sociais “Milagrosa II”

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Código Seguro de verificación: LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 3/30
 LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo máximo de duración do contrato é de DOUS ANOS, contados a partir da acta de inicio da explotación que se asinará no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato. Finalizado este período poderase prorrogar mediante acordo expreso das partes por períodos máximos anuais ata un máximo de CATRO ANOS en total incluídas as prórrogas. A tal efecto deberase solicitar por parte da adxudicataria a correspondiente prórroga antes do remate do período contractual.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de **400 euros mensuais (IVE incluído)**, resultando finalmente o canon ofertado á alza polo adxudicatario na súa proposta económica.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicárase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.


Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 4/30
			
LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==			

empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2.- A **solvencia técnica** deberá ser xustificada da seguinte forma::

- Experiencia na prestación de servizos análogos a este contrato, realizados nos últimos tres anos por parte do licitador. Esta experiencia acreditarase mediante un currículo ou declaración que será comprobada por parte do Concello.

En calquera caso, tódolos integrantes da plantilla deberán estar en posesión do carné de manipulador de alimentos e de todas aquelas autorizacións ou permisos que sexan necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, segundo a lexislación vixente.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta

Código Seguro de verificación:LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 5/30



procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e (B), OFERTA ECONÓMICA.


Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

Código Seguro de verificación: LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 6/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==			

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- 1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:
- Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI
 - Os restantes empresarios (persoas xurídicas):
 - Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.
 - Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.
 - Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado**:
 Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastateo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastateado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastateo ascende a **10,20 euros**
 Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal


3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 7/30
 LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflecta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.


5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 8/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==			

obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.


Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre B – OFERTA ECONÓMICA , conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL MUNICIPAL “MILAGROSA II” 2014**

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 9/30
 LVpfiCIttoVE4Z1loYgfP4Q==			

b) Oferta un **canon mensual** a satisfacer ó Concello deeuros IVE incluído.
Tódalas cantidades consignaranse en letra e número.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

No sobre denominado B que presenten os licitadores incluírase ademais a seguinte documentación:

1.- Relación de medios persoais que se empregarán para a explotación do servizo detallándose os postos de traballo por categorías profesionais, xornadas e turnos.

2.-Relación de medios materiais que se empregarán , se é o caso, a maiores dos relacionados no Anexo I – Relación de material –que pon o Concello a disposición do contratista. Neste caso indícarán o equipamento e amoblamento proposto, marca, modelo, potencia, etc... así como a súa correspondente valoración económica.

3.- Plan de limpeza para manter o espazo cedido en perfecto estado de mantemento e hixiene. O dito plan detallará as labores diarias de limpeza que levará a cabo e as periódicas de mantemento, especificando os momentos do ano en que se realice e os medios, materiais e maquinaria que utilizará e plan de recollida e retirada de residuos e lixo.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada da Servizos Sociais.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.


O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

O único criterio de adxudicación é o **incremento do canon** a pagar polo adxudicatario (ata **10 puntos**)

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 10/30


LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==

Obterá a máxima puntuación (10 puntos) neste apartado a proposición que oferte o canon mais alto, obterán 0 puntos as proposicións que oferten o canon mínimo establecido neste prego (400 euros) e o resto de proposicións valoraranse de xeito proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requerirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante


Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 11/30
 LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, houbese esixido. Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (xefa de servizo de servizos sociais), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TR LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 do TRLCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 105 a 108) do TRLCSP.

3. Faise constar expresamente que os traballos obxecto deste contrato non son susceptibles de ser subcontratados polo contratista adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (200 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.


- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	12/30
	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==		
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==			

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.


O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

6.- Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución do contrato. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

Código Seguro de verificación:LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 13/30
 LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==			

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Calquera incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula que supoña un dano ou perxuízo ó Concello de Lugo deberá ser compensado polo contratista sen perxuízo da resolución do contrato.

DÉCIMO OITAVA. REVISIÓN DO CANON E TARIFAS DE PREZOS

Non procederá a revisión de prezos do contrato (canon ofertado e tarifa de prezos do Anexo II do prego técnico) durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades, o canon e tarifas de prezos revisaranse de conformidade coa lexislación vixente.

As tarifas aplicables ás vendas de cafetería serán as correspondentes a lista de prezos que en ningún caso será superior ás recollidas no Anexo II do prego técnico.

A empresa contratista presentará ó Concello antes do inicio da explotación a lista de prezos que resultaría aplicable sen que podan superar os establecidos neste prego. Non obstante o Concello de Lugo poderá autorizar correccións sobre aquela (ben sexa para un determinado produto, un grupo de artigos ou en xeral para todos os da lista) sempre a proposta da persoa contratista, que deberá motivar e acreditar debidamente a súa solicitude coa documentación e informes precisos en cada caso.

Se durante a explotación do servizo a empresa adxudicataria quixese introducir para a súa venda artigos no relacionados na súa oferta inicial, a súa inclusión e prezo deberá ser autorizados polo órgano de contratación competente.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.


A empresa adxudicataria estará obrigada a subscribir unha póliza de seguros como garantía para facer fronte ás indemnizacións pola responsabilidade civil que puidera derivarse dos danos causados a terceiros por acción u omisión, tanto a consecuencia da execución das obras como da prestación do servizo a que se destinen os locais e instalacións obxecto do contrato.

Así, con anterioridade á sinatura do contrato deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade locativa na súa condición de cesionaria das instalacións nas que se desarrolla a actividade, fronte ó propietario da mesma, responsabilidade civil patronal e da

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	14/30
	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==		



LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==

responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato; tanto para persoas traballadoras como para persoas usuarias debendo incluírse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento normativa hixienico-sanitaria, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

- Copia do recibo de pago da póliza de seguros en vigor.

Cando lle corresponda a empresa contratista a obriga de indemnizar, e o importe dos danos e perdas ocasionados resultase superior á cantidade asegurada na póliza executada, a diferenza será igualmente pola conta da empresa que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal destinado ao servizo pola empresa adxudicataria.

No caso de materiais achegados pola empresa adxudicataria o Concello queda exonerado da toda responsabilidade sobre o depositado nas súas instalacións.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMA. REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS

Cando remate o prazo contractual, o servizo reverterá no Concello de Lugo, debendo o contratista entregar a este, sen cargo algún, as "instalacións" que se tiñan dotadas para levar a cabo a explotación, no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Por "instalacións", para os efectos da súa inclusión no réxime de reversión que regula este prego, deberán entenderse comprendidos o local aportado polo Concello ó adxudicatario do servizo ó comezo do contrato, así como as inversións realizadas por este, nese momento e as posteriores, de reemprazo ou mellora de aquelas, de modo que, en definitiva, a reversión se refire ó local, coas obras realizadas, decorado e debidamente acondicionado, o equipamento, maquinaria e instalacións da cafetería, e mobiliario, tanto os que se achega polo Concello e que se relacionan no ANEXO 1 como as instaladas e postas en servizo da cafetería polo concesionario.

Exclúese do réxime de reversión o enxoval (cubertería, Louza, vaixelas, mantelería)

No prazo de tres meses anteriores á reversión o Concello de Lugo adoptará as disposicións que considere oportunas, encamiñadas a que á entrega dos bens se verifiquen nas condicións convidadas.

Nos supostos de resolución do contrato con anterioridade ó remate do prazo de vencemento nos que procedera a reversión anticipada das "instalacións", o Concello de Lugo aboará seu prezo á empresa, tendo en conta o estado no que se atopen e o tempo que restase de explotación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PAGAMENTO

O canon a satisfacer ó Concello será aboado pola adxudicataria mensualmente, dentro dos DIEZ PRIMEIROS DIAS de cada mes mediante ingreso na Tesorería Municipal.

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 15/30



VIXÉSIMO SEGUNDA. INFRACCIÓN E SANCIÓN

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infraccións cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Faltas leves.

Terán a consideración de faltas leves:

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos técnicos municipais responsables e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo.

b) Faltas graves.

Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ós clientes así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non proporcionar a información e documentación necesaria relacionada coa execución do contrato que lle poida ser requirida polos técnicos municipais.

c) Faltas moi graves.

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

a) No caso de faltas leves: multa ata 300 €.

b) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 €.

c) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1803 €.

A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicándose a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que resulte aplicable.


A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento do contrato polo transcurso do prazo de duración, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223, pola falta de pagamento do canon en prazo así como polo incumprimento por parte

Código Seguro de verificación: LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 16/30



LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==

do adxudicatario das obrigas sinaladas no prego de prescripci3ns t3cnicas deste contrato.

Ser3 asimesmo causa de resoluci3n do contrato a comisi3n dalguna das infracci3ns graves ou moi graves que se sinalan na cl3usula anterior.

A Administraci3n estar3 facultada para proceder 3 resoluci3n do contrato polas causas sinaladas no par3grafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

A resoluci3n do contrato por incumprimento culpable do contratista implicar3 a incautaci3n da garant3a definitiva sen perxuízo da indemnizaci3n, se 3 o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garant3a definitiva.

VIXESIMA CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratacion por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caber3 a interposici3n do recurso potestativo de reposici3n, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte 3 da notificaci3n ou publicaci3n do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TEL3FONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCI3N ALLEO OU MUTUA	
NOME:	
ENDEREZO:	

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	P3GINA	17/30
	LVpfiCiToVE4Z1loYgfP4Q==		



LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de Constitución.

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

Código Seguro de verificación:LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	27/03/2014
ID. FIRMA	afirma.pro LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA	18/30



sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014** declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 9/1996 de 18 de outubro de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 19/30



LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE A MILAGROSA 2014** declaro **baixo a miña responsabilidade:**

Que o asistente desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o contrato de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.


Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 20/30


LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)”

B) “PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA ANEXA Ó CENTRO SOCIAL MUNICIPAL “ A MILAGROSA II”

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a regulación da explotación do servizo de cafetería anexa ó Centro Social Municipal MILAGROSA II de acordo coas condicións establecidas no presente prego de prescricións técnicas.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRESTACIÓN

HORARIO:

Permanecerá aberto ó público tódolos días da semana, incluídos festivos, sendo o día de descanso os mércores, e en horario de 10.00 a 21:00 horas, establecéndose un horario de servizo de comidas de 13.00 ás 15.30 horas.

Non obstante o Concello de Lugo poderá esixir do concesionario a apertura temporal fóra do horario establecido e previa comunicación con suficiente antelación para a realización de actividades municipais ou fins que lle son propios.

A explotación poderá interromperse, previa autorización do órgano competente, durante o período vacacional , Nadal e outros períodos non lectivos.

PRESTACIÓNS:

As prestacións a contratar son as que teñen relación co servizo de cafetería e comprende:

Servizo de cafetería:

Comprenderá as normais prestacións de cafetería (cafés, infusións, refrescos e outros, así como racións, bocadillos.

Servizo de comida:


Prestarase un servizo de comidas de 13.00 ás 15.30 horas que consistirá nun menú do día.

Para a prestación dos citados servizos deberán ter en conta o seguinte:

- Deberán incluír na súa carta produtos que contén coa cualificación de Comercio Xusto ou similar, tales como café, cacao, etc.
- Deberán incluír na súa carta polo menos un menú elaborado con alimentos procedentes da Agricultura Ecolóxica, debidamente acreditados.
- Deberán incluír na súa carta polo menos un menú adaptado para persoas celíacas.
- As bebidas a subministrar atoparanse, preferentemente en envases a granel, ou en envases retornables de vidro.

A tal efecto deberán figurar anuncios, onde se publicite a existencia dos produtos antes citados, nos mesmos lugares e tamaño que o resto dos produtos que anuncien.

Código Seguro de verificación:LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	21/30
 LVpfiCitoVE4Z1loYgfP4Q==			

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

1.- Queda totalmente prohibida a venda e consumo de calquera marca de tabaco. A empresa adxudicataria deberá facer respectar ás persoas usuarias a lexislación vixente e a normativa sobre a venda, prevención e restricción do consumo de tabaco incluso con advertencias persoais en caso de infracción.

Non se permitirá o suministro ou venda de bebidas cunha graduación alcohólica de máis de 18 graos.

Queda totalmente prohibida a venda e o consumo de bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.

Queda prohibida a instalación de máquinas recreativas.

2.- As comidas serán elaboradas pola empresa adxudicataria na propia cociña do Centro.

3.- Todos os produtos servidos pola empresa adxudicataria deberán ser correctamente manipulados e deberán cumprir tódolos aspectos que especifica a normativa que en cada momento estea en vigor.

4.- A empresa adxudicataria deberá ter a disposición das persoas usuarias follas de reclamacións debidamente autorizadas.

5.- O Concello de Lugo resérvase para sí o dereito de utilización do local obxecto de concesión sempre que fosen precisos para o exercizo dos cometidos que lle son propios. Se como consecuencia do anterior tivese que suspenderse temporalmente o servizo de cafetería ou de comedor a empresa adxudicataria non terá dereito a indemnización ou compensación ningunha.

6.- O Concello resérvase ó dereito de inspección permanente sobre o cumprimento pola empresa adxudicataria das obrigas establecidas anteriormente.

CUARTA.- RELACIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA COA PERSOA USUARIA

1.- O persoal que preste o servizo deberá tratar con dignidade ás persoas usuarias do servizo, sen que sexa posible discriminación de ningunha clase.

2.- A entidade e o persoal que preste o servizo deberán eludir todo conflito persoal coas persoas usuarias informando expresamente de todo incidente ao Concello.

3.- Gardar estricta confidencialidade dos datos coñecidos en función da realización do servizo.


QUINTA.- PERSOAL DA PARTE CONTRATISTA

O servizo será prestado directamente pola persoa física ou xurídica que resulte adxudicataria quedando expresamente prohibido a transmisión da explotación a terceiros agás expresa autorización do Concello de Lugo.

A empresa adxudicataria recibirá a explotación da cafetería sen medios persoais sendo da súa conta todo o persoal que contrate para a adecuada prestación do servizo sen que o Concello de Lugo teña ó respecto obriga ningunha en canto ao pagamento de salarios, seguridade social ou calquera outro concepto.

O persoal que se contrate dependerá tanto funcional como organicamente da empresa adxudicataria, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 22/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

condición de empresario/a, sempre de acordo coa lexislación laboral e social vixente en cada momento, sendo a Administración contratante allea ás ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo dito persoal en relación co Concello de Lugo, nin esixirle a este responsabilidades de calquera clase como consecuencia das obrigas existentes entre a empresa adxudicataria e os seus empregados e empregadas.

Todas as persoas integrantes do cadro de persoal deberán estar en todo momento en posesión do carné de manipulador/a de alimentos e de todas aquelas autorizacións ou permisos que sexan necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, segundo a lexislación vixente.

A empresa adxudicataria coidará en todo momento da boa presenza do persoal ao seu cargo. A atención ao público usuario será correcta e esmerada en todo momento.

As empresas licitadoras deberán achegar na súa oferta ademais do número total de persoal traballador preciso para a realización do servizo, detalle dos postos por categoría e profesionais, segundo as ordenanzas do sector laboral e xornada de cada persoa traballadora, expresando a súa distribución por quendas.

SEXTA.- MEDIOS MATERIAIS

A empresa adxudicataria obrigase a dotar á cafetería do mobiliario, aparatos, enxoval e enseres que sexan necesarios para a adecuada explotación da cafetería agás os que se sinalan no ANEXO I e que achegará o Concello.

SÉTIMA.- OBRIGAS, MANTEMENTO E CONSUMOS.

.- A empresa adxudicataria obrigarase a:

- * Facilitar ós obradoiros de cociña programados polo Centro.
- * Cando se organicen actividades no Centro que requiran comidas, merendas ou petiscos, etc. (clausuras, festas intantís, etc) colaborará con Concello na súa organización.
- * Iguamente colaborará co Concello na celebración de calquera outro evento poñendo a disposición do mesmo os medios materiais que este precise.
- * A empresa adxudicataria colaborará na apertura e peche das portas do centro de convivencia municipal, así como na custodia das chaves das portas das dependencias interiores logo do requerimento dos servizos municipais.

.- En relación ó mantemento das instalacións:

A empresa adxudicataria da cafetería correspóndelle a limpeza do recinto acoutado coa liña amarela, incluído mobiliario, adornos, ventás, lámpadas, cortinas-pranchas, móbiles divisoras etc.

Así mesmo fora do horario e días de limpeza municipal a empresa adxudicataria encargarse da limpeza e mantemento dos dous baños existentes en dito andar, sitios na zona de entrada da cafetería e fora da liña acoutada.

A empresa adxudicataria obrigarase a depositar tódolos residuos que se xeneren en dita cafetería no lugar e horario indicados polo Concello.

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 23/30



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

Deberá presentar por tanto un estudo que contemple con detalle polo menos:

Limpeza xeral diaria do local

Limpeza periódica de mantemento

Recollida e retirada de residuos e lixo

.-outras obrigas:

A empresa adxudicataria encargarse do mantemento da devandita cafetería, así como da colocación de mesas e cadeiras despois de ser utilizados polos clientes e/ ou persoas usuarias dos servizos do Centro de convivencia.

*A empresa adxudicataria manterá os locais, instalacións, equipos e mobiliario en bo estado de conservación e limpeza, seguindo as pautas da boa práctica. En todo caso, cumprirá aquelas disposicións establecidas na lexislación ou normativa vixente de revisións periódicas e corrección das anomalías detectadas.

*Serán de conta da empresa concesionaria as necesarias obras de conservación dos locais, instalacións e equipamento así como a reposición de material averiado e deteriorado.

*A empresa adxudicataria está obrigado a conservar en perfectas condicións os mobles, efectos e aparatos achegados polo Concello así como os achegados pola empresa adxudicataria, sendo da súa conta as reparacións que se efectúen neles así como as reposicións necesarias por outros similares ou de mellores prestacións.

*O Concello de Lugo inspeccionará o cumprimento destas obrigas, propoñéndolle en cada caso as medidas oportunas. En caso de incumprimento das medidas propostas polo Concello de Lugo, este poderá levalas a efecto con cargo á empresa adxudicataria do servizo.

*Os únicos dereitos que a empresa adxudicataria terá sobre os locais e instalacións, serán os da súa utilización durante a vixencia do contrato.

*Para efectuar modificacións nos locais e/ou instalacións será precisa a autorización previa do Concello de Lugo e a mesma farase baixo as directrices que establezan seus servizos técnicos. Ditas modificacións ou melloras quedarán a beneficio do Concello de Lugo, unha vez rematada a vixencia contractual.


*Será de conta do Concello de Lugo os custos da subministración de auga, gas e enerxía eléctrica. O resto dos consumos que sexan necesarios para a prestación do servizo correrán a cargo da empresa concesionaria.

OITAVA.- CONTROL DE CALIDADE

A empresa adxudicataria deberá manter un control de calidade, responsabilizándose tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos a venda, como os que sexan de aplicación na preparación dos alimentos, con escrupulosa observancia na regulamentación existente.

A conservación, almacenamento e manipulación das materias primas, tanto frescas como conxeladas deberá cumprir coa Regulamentación Técnico Sanitaria de Comedores Colectivos.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 24/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

Así a empresa adxudicataria será a única responsable das alteracións que poidan sufrir os produtos alimentarios e das consecuencias que para a saúde das persoas usuarias puidesen derivarse.

NOVENA.-GASTOS Ó CARGO DA EMPRESA ADXUDICATARIA

Serán a cargo da empresa adxudicataria os seguintes gastos:

- A adquisición do equipamento, maquinaria, mobiliario, enxoval e enseres , e en xeral, calquera elemento necesario para a prestación do servizo agás os enumerados no ANEXO I.
- O mantemento do local en perfectas condicións, sendo pola súa conta todo tipo de reparacións e tarefas de acondicionamento que este precisase, ben a iniciativa propia da empresa adxudicataria ou ben a instancia do Concello de Lugo.
- Todos os gastos e responsabilidades que implique o inicio e a explotación do servizo.
- Serán a cargo da empresa adxudicataria tódolos impostos, taxas e demais tributos que graven ou incidan na actividade obxecto deste contrato, sendo o seu incumprimento responsabilidade directa da empresa adxudicataria, e en definitiva, todos os gastos iniciais ou futuros que se produzan durante a vixencia do contrato en que incorra a explotación.
- Todos os gastos a cargo da empresa adxudicataria do contrato serán aboados directamente por este ao/á seu administrador/a, sen que se produza intermediación nin responsabilidade ningunha a cargo do Concello de Lugo.

DÉCIMA.- OBRAS E INSTALACIÓNS

O obxecto deste contrato é exclusivamente a explotación do servizo de cafetería sen que se inclúa obra de reforma ou acondicionamento ningún.

En todo caso a empresa concesionaria estará obrigada a permitir ó Concello de Lugo a realización de obras de acondicionamento e mellora do local adscrito á cafetería que estime pertinentes sen dereito a recibir indemnización polos transtornos que se ocasionen, mesmo se a súa realización implicase unha suspensión temporal da explotación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- TARIFAS (INICIAIS E ACTUALIZACIÓN ANUAL DELAS)

A empresa adxudicataria terá dereito a percibir das persoas usuarias do servizo de cafetería e comedor o prezo correspondente ás prestacións satisfeitas, na contía establecida na tarifa aprobada, vixente en cada momento. Así a empresa adxudicataria deberá expoñer nun lugar visible da cafetería a lista de prezos tanto do servizo de cafetería como do servizo de comidas.

Durante o primeiro ano da explotación a contar desde o momento do seu inicio, as tarifas aplicables ás vendas de cafetería serán as correspondentes a lista de prezos que en ningún caso serán superiores as recollidas no anexo II, en relación ao servizo de comida, que consistirá nun **"menú del día"** que incluírá primeiro e segundo prato, postre e bebida (a elexir entre auga mineral embotellada, refresco ou viño), e pan. Establécese un prezo **máximo menú de 8 €**.

Código Seguro de verificación:LVpfiCIttoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCIttoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 25/30



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

Se durante a explotación do servizo a empresa adxudicataria quixera introducir para a súa venda artigos no relacionados na súa oferta inicial , a súa inclusión e prezo deberá ser autorizado polo órgano de contratación competente.

As tarifas de prezos para as vendas de cafetería e servizo de comida será revisada con efectos desde o remate de cada ano de explotación. A tal efecto, o contratista presentará ó Concello, cunha antelación mínima de un mes, a lista de prezos que resultaría aplicable para o período do seguinte ano, debidamente actualizada conforme ás regras que se establecen no apartado seguinte. O Concello de Lugo comprobará en todos os extremos dita relación e a autorizará no caso de ser correcta.

DÉCIMO SEGUNDA.- REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS E MOBILIARIO

Cando remate o prazo contractual, o servizo reverterá no Concello de Lugo, debendo a persoa contratista entregar a este, sen cargo ningún, as "instalacións" que se tiñan dotadas para levar a cabo a explotación, no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Por "instalacións", para os efectos da súa inclusión no réxime de reversión que regula este Prego, deberán entenderse comprendidos o local aportado polo Concello á empresa adxudicataria do servizo ó comezo do contrato, así como os investimentos realizados por esta, nese momento e as posteriores, de substitución ou mellora daquelas, de modo que, en definitiva, a reversión se refire ao local, coas obras realizadas, decorado e debidamente acondicionado, o equipamento, maquinaria e instalacións da cafetería e mobiliario tanto os que se achega polo Concello e que se relacionan no ANEXO I, coma as instaladas e postas a servizo da cafetería pola empresa concesionaria.

Exclúese do réxime de reversión o enxoval (cubertería, louza, vaixelas, mantelería etc).

No prazo de tres meses anteriores á reversión o Concello de Lugo adoptará as disposicións que considere oportunas, encamiñadas a que á entrega dos bens se verifiquen nas condicións convidadas.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

.- Polo transcurso do prazo de duración do presente contrato.

.- Nos supostos de resolución do contrato con anterioridade ao remate do prazo de vencemento nos que procedera a reversión anticipada das "instalacións", o Concello de Lugo aboaralle o seu prezo á empresa, tendo en conta o estado no que se atopen e o tempo que restase de explotación.


.- Por renuncia unilateral da empresa concesionaria, que implicará a perda da fianza definitiva e resarcimento, de ser o caso, das perdas causadas.

.- Por incumprimento das obrigas esenciais da empresa concesionaria.

.- Por calquer outra causa de extinción segundo a normativa que resulte de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 26/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			

Ademais das obrigas xerais, derivadas do réxime xurídico do presente prego atenderase especialmente as seguintes:

- 1) O contrato executarase a risco e ventura da persoa contratista
- 2) O contratista será responsable da calidade técnica da actividade desenvolvida, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello de Lugo ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- 3) Será de conta da empresa contratista indemnizar por todos os danos que se causen, persoais, e materiais, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. En calquera caso, o contratista responderá de todas as actuacións do seu persoal destinado ao servizo.
- 4) O contratista deberá contratar o persoal preciso para atender as súas obrigas.
- 5) O Concello non se fai responsable da falta de pago da empresa adxudicataria aos seus provedores, nin dos deterioracións, roubos que se puideran cometer na cafetería, e demais instalacións anexas ao servizo obxecto deste contrato.

DÉCIMO QUINTA.- ASEGURAMENTO

A empresa adxudicataria estará obrigada a presentar:

Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade locativa na súa condición de cesionaria das instalacións nas que se desarrolla a actividade, fronte ó propietario da mesma, responsabilidade civil patronal e da responsabilidade civil productos-alimentos suministrados que cubra os riscos que puidesen producirse durante a execución do contrato; tanto para persoas traballadoras como para persoas usuarias debendo incluírse os riscos por intoxicación alimentaria ou por incumprimento normativa hixienico-sanitaria, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por siniestro, sendo o sublímite por vítima de 150.000 €.

Deberase adxuntar antes da firma do contrato copia do recibo de pago da póliza de seguros en vigor.

Cando lle corresponda a empresa contratista a obriga de indemnizar, e o importe dos danos e perdas ocasionados resultase superior á cantidade asegurada na póliza executada, a diferenza será igualmente pola conta da empresa que deberá facela efectiva directamente. Os riscos asegurados comprenderán tamén os que poida orixinar o persoal destinado ao servizo pola empresa adxudicataria.

No caso de materiais achegados pola empresa adxudicataria o Concello queda exonerado da toda responsabilidade sobre o depositado nas súas instalacións.

ANEXO I RELACIÓN DE MATERIAL

RELACIÓN DE INVENTARIO DE BENS ADSCRITOS Á CAFETERÍA DO CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS DA MILAGROSA II.

- 1 cafetera semiautomática de 2 grupos, en aceiro inoxidable, Futurmat, Mod. CEE.
- 1 muíño dosificador de café eléctrico, potencia 260w. La San Marco, Voine Italia, aceiro en cor parda clara.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==	PÁGINA 27/30



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr


Refª: 14x150230178

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

- 1 lavalouza mixto, en aceiro inoxidable 1.200 pezas hora, Fagor FI-12-S.
- 1 botelleiro frigorífico de 2,50 m en aceiro inoxidable.
- 1 moble sotobanco de 300 cm en aceiro inoxidable, con moble cafeteiro incorporado.
- 11 tallos de estrutura metálica tapizados en símil pel, de cor azul escura.
- 1 cociña industrial Zanussi 8 fogos, 200x90x80, en aceiro inoxidable.
- 1 vertedoiro Zanussi de 2 seos, 140x70x85, en aceiro inoxidable.
- 1 marmita Zanussi 90x80x80, en aceiro inoxidable.
- 1 frixideira Zanussi 90*80*80, en aceiro inoxidable.
- 1 campá extractora de gases, en aceiro inoxidable.
- 1 armario frigorífico Zanussi de 2 corpos con 6 baldas 142x78x21 en aceiro inoxidable.
- 1 caixa rexistradora electrónica Casio 220ER. Serie núm. 6302715, de cor parda clara.
- 1 estante fabricado en perfil metálico rañurado con 5 andeis medidas 300x40x300, cor gris.
- 1 estante fabricado en perfil metálico rañurado con 5 andeis, medidas 100*40*300, cor gris.
- 1 vitrina de sobremesa en cristal de aluminio, con portas corredías, medidas 180x30x40, con bandexa intermedia.
- 3 mesa de traballo en aceiro inoxidable con 4 caixóns laterais, medidas 227x70x85.
- 1 armario para vaixela en aceiro inoxidable con portas e estantes, medidas 165x60x200.
- 1 campá para máquina de café, en aceiro inoxidable con extracción, medidas 120x60x100.
- 1 prancha Fri-top para cociñar, Fagor en aceiro inoxidable, medidas 42,5x90x85, Aenor 67ROE49.
- 1 vertedoiro en aceiro inoxidable de 2 cubetas e un escorredoiro, medidas 200x70x85.
- 1 espresedor de zumes 200w. Sammic, de cor branca.
- 1 cortadora de friame de 250mm de coitela, 750w Essedue, Europa, en aceiro inoxidable.
- 1 lavalouza industrial, capacidade de lavado de 640 pratos hora, Fagor FI-650R, en aceiro inoxidable.
- 1 peladora simple de patacas, produción 100/120 K/H Sammic / M-6Fu-28, en aceiro inoxidable.
- 1 electroportátil combinado de 2 funcións: triturador e batedor de 320W Sammic 26662.
- 1 peana lavalouza en aceiro inoxidable.
- 1 soporte para peladora de patacas de metal cor gris.
- 1 termo m-200, código Ra20921, referencia 9112, serie nº 00001055, cor branca.
- 4 módulos de armario roupeiro.
- 1 armario en melamina branca, de 195x95x60.

28

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==	PÁGINA 28/30
			
LVpfiCItoVE4Z1loYgfp4Q==			

- 1 lavamáns con accionamento a pedal. PORTINOX. Medidas cubeta 365x400x460 mm e totais 500x510x850 mm con entrada regulable de auga fría-quente e dosificador de xabón incorporado."
- 1 cepo de picar 500*500*900
- Televisor LCD 40

ANEXO II

TARIFA DE PREZOS MÁXIMOS 2014			
CAFÉS E INFUSIONES	€uros	REFRESCOS	€uros
Café só ou con leite	1,00	Pepsi-Cola e Coca-Cola	1,20
Descafeinado	1,00	Tónicas	1,20
Te, manzanilla ou tila	1,00	Fanta, Kas, Schweppes e simil.	1,20
Chocolate	1,10	Gaseosas	1,20
Vaso leite	0,80	Zumes Naturais	1,75
Café xeadado	0,90	Zumes Preparados	1,30
VIÑOS (graduac.inferior 18º)		AUGAS MINERAIS	
Correntes	0,60	Fontecelta, Fontenova e similares	0,70
Valdepeñas	0,75	Auga 1/2 l.	0,90
		BATIDOS	
		logur Batido Okey	1,30
Mosto	0,90	RACIÓNS	
VIÑOS FINOS (graduac<18º)		Luras ("Calamares") Fritas	4,30
		Croquetas	3,50
Dry Sanck e Tío Pepe	1,20	Empanada	2,60
Málaga Virgen e Viña 25	1,20	Ensaladilla Rusa	2,60
		Aceitunas de oso	0,85
		Xamón do País	4,35
		Queixo	3,45
VERMUT (graduac<18º)		BOCADILLOS	
Branco ou escuro enteiro	1,50	Xamón do País	2,15
		Xamón York	1,75
		Raxo	2,15
CERVEXAS		Chourizo, Salchichón	1,75
Especiais 1/2	1,10	Mortadela	1,75
Especiais 1/5		Xamón e Queixo	2,35
Correntes 1/2	1,00	Luras ("Calamares")	3,00
SIDRAS			
Botellín	0,90		



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 14x150230178


Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2014

TERCEIRO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	27/03/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	30/30
 LVpfiCItoVE4Z1loYgfP4Q==			